

TITORIA 2º ESO B

Lingua castelá:

Os contidos da 3º avaliación serán os que se impartan a partir do 13 de abril.

Francés:

Se avaliarán os contidos traballados a partir do 13 de abril, quedan excluídas da nota, por razóns obvias, a actitude e a expresión oral.

Algúns alumnos, que non levan nota en francés nesta segunda avaliación, deberán recuperar os contidos da segunda mediante unhas fichas de traballo.

Tecnoloxía:

Os contidos do terceiro trimestre comezarán despois de SS, se avaliarán as actividades e exames online, se algún alumno/a non dispón de conexión a internet, ben sexa mediante ordenador, tablet ou teléfono móbil (tamén é válido), se lle proporcionarán outro tipo de actividades sempre que sexa posible.

Inglés

Avaliaráanse as actividades propostas a partir do 13 de abril.

Matemáticas

O tema seis "Ecuacións" entrará na 3ª avaliación, ademais dos contidos que se impartan a partir do 13 de abril.

Música

- Os contidos **teóricos** dados na 2ª avaliación, dos que os alumnos non foron avaliados, non serán avaliados tampouco no 3º trimestre. Sí se avaliará no 3º trimestre a última **peza práctica** de fruta que estivemos traballando, mediante audios/vídeos que enviarán os alumnos ao meu correo (martaiescanido@gmail.com)
- A materia da 3ª avaliación darase como estaba previsto, usando o **correo** dos alumnos e a **Aula Virtual** para facerlles chegar a información, actividades e documentación. Se tivesen problemas co acceso á información a través destas canles, coordinarei co titor outros métodos posibles para que estén todos ao día.

Xeografía e Historia

O tema 6 " Os reinos cristiáns hispánicos" non entra na terceira avaliación. Empezaríamos coa parte de xeografía directamente.

Física e Química

Os contidos da 3ª avaliación son os que se impartan a partir do 13 de abril.

Valores Éticos

Os contidos da 3ª avaliación son os que se impartan a partir do 13 de abril.

Programación

Os contidos da 3º avaliación serán os que se impartan a partir do 13 de abril.

Educación Física

As partes prácticas da 2ª avaliación, volei e bádminton, dánse por avaliadas.

Na 3ª avaliación faráse un exame, presencial ou online, sobre o reglamento do fútbol-sala e un exame práctico de fútbol sala, así como unha valoración da condición física nas clases adicadas a esta actividade, se é posible.

Lingua Galega

A 3ª avaliación de lingua galega e literatura comezará á volta de Semana Santa, o 14 de Abril. Partiremos de cero, as actividades dadas antes desa data xa foron traballadas polo alumnado e considéranse xa avaliadas.

Dadas as circunstancias, haberá que facer unha adaptación /recorte do currículo, polo tanto, a avaliación farase da seguinte maneira:

→ Lerán un libro en galego (non ten que ser obrigatoriamente un dos postos este curso, pode ser calquera libro que teñan por casa, dos seus pais, irmáns...) Deses lecturas serán avaliados a través dun traballo que mandarán ao meu correo

visalba@edu.xunta.es

→ Terán que seguir traballando as actividades colgadas na páxina web do centro e /ou no grupo de whatsapp que teño con todo o alumnado de 2º curso, para practicar certos contidos que irán seguindo polo libro de texto, coas aclaracións necesarias que precisen por parte da profesora, ou ben a través do grupo de whatsapp ou do correo.

→ Só se avaliarán eses contidos concretos que se traballen, a través de fichas/exames/traballos orais que terán que enviar á profesora.

→ Con esta modificación, as porcentaxes de avaliación tamén deben ser revisadas, polo tanto, quedarán así:

- Traballo sobre a lectura (40%)
- Fichas/exame sobre gramática (40%)
- Traballos/exposicións orais que enviarán por whatsapp (20%)